

## Relatorio: «As universidades públicas e a ciencia, a tecnoloxía e a innovación en Brasil: rol e desafíos»

**Data:** xoves, 4 maio, 2017 - 12:00 - 14:00

**Lugar:** Salón de actos do CiTIUS

**Poñente(s):** Profesor Carlos Alexandre Netto (Universidade Federal de Rio Grande do Sul, Brasil)

**Idioma:** Castelán

**Streaming:** Por confirmar



As universidades públicas en Brasil achegan máis do 80% da produción científica e tecnolóxica do país. Despois dunha década de crecentes investimentos do Goberno, para o fomento de Bolsas de Posgrao e para o desenvolvemento de proxectos e de infraestrutura de investigación, as crises económicas e política vixentes desde o 2015 supoñen un escenario moi preocupante.

O ano 2016 foi o de menor orzamento do Ministerio de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación en anos. Este feito e a recente aprobación da Emenda á Constitución que limita o gasto público por un período de 20 anos supoñen unha ameaza moi real ao desenvolvemento do sistema de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación (CT&I) en Brasil. A comunidade científica e académica está mobilizada, pero a clase política e o Goberno non parecen comprender que ter un bo sistema de CT&I é indispensable para contar cunha economía moderna, sólida e sustentable.

Ex-reitor dunha das universidades máis importantes de Latinoamérica

Carlos Alexandre Netto, 57, é Médico pola Universidade Federal de Rio Grande do Sul (UFRGS), Brasil, doutor en Bioquímica e postdoc en Neurociencias pola Universidade de Londres. É Profesor do Departamento de Bioquímica da UFRGS, Investigador 1 A de o CNPq e membro da Academia Brasileira de Ciências. Foi Reitor da UFRGS nos períodos 2008-2012 e 2012-2016. Coordinou o Comité Académico do III Encontro Internacional de Reitores Universia (2014) e foi Presidente da Asociación de Universidades do Grupo Montevideo (AUGM).

Máis información

- <http://www.cnpq.br/web/guest/investimentos-cnpq-em-ctei/>
- <http://www.capes.gov.br/component/content/article/91-conteudo-estatico/avaliacao-capes/6886-geocapes>